



Ref./Exp.:	11694-224
Asunto:	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
Modalidade:	Procedemento aberto simplificado
Destino:	CONTRATACIÓN

MEMORIA ECONÓMICA DO CONTRATO DE SERVIZOS DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN DE APOIO FAMILIAR E SOCIAL COAS PERSOAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

1. OBXECTO

O obxecto deste contrato de servizos é a xestión do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”.

Este contrato terá a consideración de contrato de servizos segundo o previsto no artigo 17 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

1.1 Lotes:

Non procede a división en lotes pola natureza do obxecto do contrato. Ademais, para a correcta execución dos traballos é preciso unha única coordinación dos mesmos.

1.2 Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

Trátase dun procedemento aberto simplificado, conforme ao establecido no artigo 159 da LCSP, determinado porque a contía do valor estimado deste contrato de servizos (e as súas posibles prórrogas) será inferior a 100.000 €.

A forma de tramitación será a ordinaria con múltiples criterios de valoración.

Segundo o art. 77.1.b) da LCSP, para este procedemento non será exigible a clasificación empresarial ao tratarse dun contrato de servizos.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV 85310000-5. Servizos de asistencia social.

2. PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

2.1 PREZO DO CONTRATO

Prezo do contrato: **37.750,78 €** que inclúe un **IVE de 6.551,79€**



Ref./Exp.:	11694-224
Asunto:	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
Modalidade:	Procedemento aberto simplificado
Destino:	CONTRATACIÓN

XUSTIFICACIÓN: para realizar esta estimación tívose en conta a normativa laboral. Neste caso, para realizar os cálculos, tomouse como referencia o Convenio colectivo estatal de acción e intervención social 2015-2017 (Resolución do 22 de xuño de 2015, da Dirección Xeral de Emprego, BOE nº 158, 03/07/2015), vixente na actualidade por non estar publicado un novo, e non ter sido denunciado ata o momento, xunto coas subidas salariais recollidas no II Convenio colectivo estatal de acción e intervención social 2022-2024, asinado polas partes o 07/07/2022 pero aínda non publicado.

O Convenio colectivo estatal de acción e intervención social 2015-2017 establécese como convenio de referencia, pois o obxecto deste contrato está directamente relacionado co ámbito funcional que abarca este convenio, e que ven definido no artigo 7 deste: “por acción e intervención social enténdense as actividades ou accións, que se realizan de maneira formal e organizada, que responden a necesidades sociais e ofrecen atención a persoas que se atopan en especial situación de vulnerabilidade social, cuxo propósito pode ser tanto detectar, previr, paliar, superar ou corrixir procesos de exclusión social, como promover procesos de inclusión e/ou participación social”. O convenio establece, ademais, no seu Anexo I, o catálogo de actividade do ámbito funcional do convenio. En canto á tipoloxía de prestacións e situacións de necesidade, este catálogo inclúe a “intervención e apoio familiar” e a “prevención e inclusión social”. En función do ámbito de actuación, este convenio inclúe, entre outros, os seguintes servizos, equipamentos, programas, proxectos e actuacións: “servizos de atención, información, asesoramento, intervención e tratamento para mulleres en xeral e especializados (vítimas de violencia de xénero, prostitutas, mulleres con problemáticas sociais específicas, etcétera)” e “pisos para mulleres protexidas por maltrato por motivos de xénero”.

Conforme á clasificación profesional establecida no artigo 21 do dito convenio, para responder ás necesidades do servizo será preciso que a contratista adscriba ao contrato cando menos, unha (1) persoa do seguinte grupo profesional: Grupo profesional 1 (educadora social), a razón de 20 horas semanais. Ademais, será necesario, polas características do servizo, que se teña en conta que, ademais das 20 horas de traballo efectivo, a empresa adxudicataria dispoña dun teléfono no que poder atender posibles situacións de emerxencia fóra dese horario.

O prezo é o resultado de calcular os seguintes custos:

- 1) Gastos de xestión de persoal
- 2) Gastos por tarefas de coordinación e especial responsabilidade da entidade
- 3) Gastos de material, transporte e reparacións
- 4) Beneficio empresarial máximo



Ref./Exp.:	11694-224
Asunto:	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
Modalidade:	Procedemento aberto simplificado
Destino:	CONTRATACIÓN

1) Para calcular os gastos de xestión do persoal do contrato tívose en conta o seguinte:

1.a) SALARIO BASE DO POSTO DE TRABALLO OBRIGATORIO

Tomáronse como referencia o Convenio colectivo estatal de acción e intervención social 2015-2017 (Resolución do 22 de xuño de 2015, da Dirección Xeral de Emprego, BOE nº 158, 03/07/2015) e as subidas salariais do II Convenio colectivo estatal de acción e intervención social 2022-2024, durante a vixencia prevista do contrato. Tendo en conta que o contrato se pode prorrogar e ter unha duración total de ata 3 anos (incluídas as prórrogas), considérase oportuno ter en conta as subidas salariais nese período de 3 anos segundo o II Convenio colectivo estatal de acción e intervención social 2022-2024. Por isto, para calcular os gastos de xestión de persoal dun ano, calculouse unha media do que correspondería ao período comprendido entre o 28 de decembro de 2022 e o 27 de decembro de 2025.

A táboa salarial da categoría profesional de referencia é a publicada no BOE nº 28 do 1 de febreiro de 2019 para o ano 2021, cunha subida dun 2% no ano 2022, dun 3% no ano 2023, dun 2,5% no ano 2024 e dun 2% no ano 2025, conforme ás subidas salariais acordadas no II Convenio colectivo estatal de acción e intervención social 2022- 2024.

O importe anual medio (salario base bruto) do grupo profesional 1 (educadora social), dividiuse por dous, para calcular unha media xornada, e a esta cantidade engadiuse o seguinte:

- as cotas á Seguridade Social correspondentes á empresa, relativas a contingencias comúns, desemprego, Fogasa, formación profesional (cotas establecidas na Lei 22/2021, do 28 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2022 e na Orde PCM/244/2022, do 30 de marzo);
- unha porcentaxe do 1,50% relativo ao código CNAE 88 “Actividades de servizos sociais sen aloxamento” (tarifa de primas para a cotización á Seguridade Social por accidentes de traballo e enfermidades profesionais establecida na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2007, modificada pola disposición final 5 do Real Decreto-lei 28/2018, do 28 de decembro, en vigor desde o 1/1/2019).

* O Convenio colectivo estatal de acción e intervención social 2015-2017 e as subidas salariais pactadas no II Convenio colectivo estatal de acción e intervención social 2022-2024, establécense como referencia de partida. Non existe a obriga de suxeición a este convenio, sempre e cando as condicións retributivas que se establezan para o persoal, igualem ou melloren o convenio indicado. No caso de publicarse un novo convenio para o sector que deixe este sen efecto, as referencias faranse respecto do que estea vixente legalmente en cada momento.



Ref./Exp.:	11694-224
Asunto:	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
Modalidade:	Procedemento aberto simplificado
Destino:	CONTRATACIÓN

Cálculo correspondente ao salario que percibirá o persoal adscrito ao servizo: 1 educadora social, que se corresponde co grupo profesional 1, cunha xornada de 20 horas semanais:

Salario base para o ano 2022: 11.676,96 €/ano; 4 días de decembro= **125,56 €**

Salario base para o ano 2023: **12.027,27 €/ano** (12 meses)

Salario base para o ano 2024: **12.327,95 €/ano** (12 meses)

Salario base para o ano 2025: 12.574,51 €/ano; 11 meses (xaneiro a novembro) e 27 días (decembro)= **12.439,30 €**

Estimación do salario base para o período de 1 ano (media) = $36.920,08€ / 3 = 12.306,69 €$

TOTAL: 12.306,69 € (estimación salario base anual) + 3.827,38 € (31,10% cotas á Seguridade Social) + 184,60 € (1,50% CNAE) = 16.318,67 €

TOTAL APARTADO 1.a) = 16.318,67 €

1.b) COBERTURA DE AUSENCIAS

A) Importe derivado de cubrir o período de vacacións da traballadora. Tomouse como referencia o que correspondería a un mes de salario bruto contido nas táboas salariais mencionadas no apartado anterior. A isto sumáronse as porcentaxes correspondentes ás cotas á Seguridade Social e CNAE, da mesma forma indicada no apartado anterior.

B) Importe derivado de cubrir outras incidencias do persoal tales como posibles incapacidades temporais ou permisos. Estimouse o que correspondería a un mes de salario bruto, cos complementos mencionados no apartado anterior.

Cálculo dos gastos derivados de cubrir un mes de vacacións da traballadora e un mes de posibles incidencias como incapacidades temporais ou permisos. Dous meses do grupo profesional 1 (media xornada):

Cobertura de ausencias = $[(\text{Estimación salario base anual} + \text{cotas Seg. Social} + \text{CNAE})/12] \times 2 = 16.318,67 €/6 = 2.719,78 €$

TOTAL APARTADO 1.b) = 2.719,78 €



Ref./Exp.:	11694-224
Asunto:	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
Modalidade:	Procedemento aberto simplificado
Destino:	CONTRATACIÓN

2) Para calcular os gastos correspondentes ás tarefas de coordinación e especial responsabilidade que debe cumprir a empresa adxudicataria, tomouse a seguinte referencia:

A coordinación deste servizo que debe realizar a entidade adxudicataria, reviste especial importancia dada a dedicación que require a dispoñibilidade para atender chamadas telefónicas en situacións de necesidade ou emerxencia os 365 días do ano.

Prevese que as tarefas de coordinación terán un custo que se pode estimar a partir do cálculo do salario base que o convenio de referencia establece para o grupo profesional 0 (funcións de coordinación, organización, dirección e control), coas subidas salariais pactadas no II Convenio colectivo estatal de acción e intervención social 2022-2024

O importe referido nas táboas salariais (salario base bruto) do grupo profesional indicado coas subidas correspondentes, dividiuse por catro para calcular unha dedicación parcial.

Estímase que estas tarefas terán un custe anual de 7.214,27 €

TOTAL APARTADO 2 = 7.214,27 €

3) Para calcular os gastos de material, transporte e reposicións, tivéronse en conta os seguintes conceptos:

- Telefonía (dispositivo móbil operativo 24 horas con conexión a internet), materiais funxibles (material de oficina) e gastos de transporte (desprazamentos ás vivendas, reunións, acompañamentos a usuarias, etc). **Estímase 1.210 €**
- Reposición de enxoval doméstico das vivendas de uso cotián que polo custe unitario do subministro a repoñer e/ou pola súa vida útil (inferior a un ano), non teñan a consideración de inversión. Exemplos de subministros de enxoval de uso cotián nas vivendas que polo seu uso cotián poidan necesitar reposición: louza, cristalería e cubertería, batería de cocíña (olas, tarteiras, tixolas...),roupa de cama, toallas, bombillas, etc. **Estímase 900 €**

Estímase que o total destes gastos supoñan 1.210 € + 900 € = 2.110 €

TOTAL APARTADO 3 = 2.110 €



Ref./Exp.:	11694-224
Asunto:	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
Modalidade:	Procedemento aberto simplificado
Destino:	CONTRATACIÓN

4) Para calcular o beneficio empresarial máximo tívose en conta a seguinte referencia:

O cálculo do 10% sobre a suma dos anteriores conceptos.

Estímase que o beneficio empresarial máximo sexa: $28.362,72 \text{ €} \times 10\% = 2.836,27 \text{ €}$

TOTAL APARTADO 4 = 2.836,27 €

TOTAL PREZO:

Apartado 1.a) + apartado 1.b) + apartado 2 + apartado 3 + apartado 4 = Gastos de xestión de persoal (salario base e cobertura de ausencias) + gastos correspondentes ás tarefas de coordinación e especial responsabilidade que debe cumprir a empresa adxudicataria + gastos de material, transporte e reposicións + beneficio empresarial máximo = 31.198,99 €

$16.318,67 \text{ €} + 2.719,78 \text{ €} + 7.214,27 \text{ €} + 2.110,00 \text{ €} + 2.836,27 \text{ €} = 31.198,99 \text{ €}$

PREZO SEN IVE: 31.198,99 €

PREZO CON IVE: 31.198,99 € + 6.551,79 € (21%) = 37.750,78 €

PREZOS UNITARIOS CON IVE:

Establécese un prezo unitario que será aplicable só para efectos de modificación do contrato, ao que se lle aplicará a correspondente baixa achegada pola adxudicataria.

A posible modificación do contrato realizarase en función do aumento das necesidades do servizo, atendendo ás novas demandas e necesidades sociais, determinado polo número de familias ou casos por atender, ou a servizos que se poidan incorporar en función das necesidades detectadas, o que poderá implicar unha ampliación das horas de dedicación do persoal.

O prezo unitario, por tanto, é o resultado de calcular o prezo mensual, dividido polas horas dedicadas polo persoal do contrato.

Prezo mensual con IVE: $37.750,78 \text{ €} \text{ anuais} / 12 \text{ meses} = 3.145,90 \text{ €/mes}$

Estimación de horas mensuais do contrato: 80 horas/mes

$3.145,90 \text{ €} / 80 \text{ horas} = 39,32 \text{ €/hora (con IVE)}$



Ref./Exp.:	11694-224
Asunto:	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
Modalidade:	Procedemento aberto simplificado
Destino:	CONTRATACIÓN

2.2 ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

O límite de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación no período contractual (anos 2022 e 2023), segundo a xustificación exposta neste apartado é de **31.198,99 € + 6.551,79 € (21% IVE) = 37.750,78 €**

2.3 VALOR ESTIMADO

O importe do contrato sen IVE segundo a xustificación exposta neste apartado é de **31.198,99 €**

Prazo de vixencia: 1 ano

Prórrogas: máximo 2 prórrogas de 1 ano cada una, ata 3 anos como máximo de duración total do contrato coas súas prórrogas.

A contía do valor estimado é o resultado de calcular os gastos previstos para cada ano de contrato, incluídas as prórrogas, máis o resultado de sumar o 20% da posible modificación do contrato.

Contrato + prórrogas= 31.198,99 € x 3 anos= 93.596,97 €

Modificación do contrato: 31.198,99 € x 20%= 6.239,80 €

Total valor estimado = 93.596,97 €+ 6.239,80 € = 99.836,77 €

3. REVISIÓN DE PREZOS

Este contrato non se atopa nos supostos de revisión de prezos que establece a LCSP (art. 103.2).

4. FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL

O presente expediente ten a condición de gasto plurianual, xa que o inicio do contrato está previsto para o exercicio 2022 e a súa finalización está prevista para o exercicio do ano 2023.

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da aplicación orzamentaria “Plan municipal de Igualdade” 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2023.



Ref./Exp.:	11694-224
Asunto:	Contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”
Modalidade:	Procedemento aberto simplificado
Destino:	CONTRATACIÓN

Exercicio 2022 (4 días de decembro): 405,92 €

Exercicio 2023 (11 mensualidades: xaneiro a novembro, e 27 días de decembro): 37.344,86 €

O gasto proposto establécese tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo ao cumprimento da esixencia do artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro da capacidade de xestión dos créditos do orzamento do Concello de Vigo dentro do programa orzamentario da Concellería de Igualdade. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario e o gasto proposto non contempla ningunha obriga que se derive deste, xa que esta ten a consideración da execución da prestación dun servizo concreto.

5. REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO

O importe do prezo satisfaráselle á contratista por meses vencidos (ou fracción no caso de non corresponderse cun mes completo), dividindo o importe anual do prezo da oferta da mercantil adxudicataria por 12 meses.

A adxudicataria deberá presentar mensualmente a correspondente factura, polo importe correspondente ao período facturado.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe- Punto xeral de entrada das facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado-, ao que se encontra adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

UNIDADE TRAMITADORA: GE0000636 IGUALDADE

OFICINA CONTABLE: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS/INTERVENCIÓN

ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa do servizo de Igualdade.- Cristina Gómez García

CONFORME :

A concelleira-delegada de Igualdade.- Eugenia D. Blanco Iglesias